



RESOLUCIÓN

ASUNTO: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A OBRA MELLORAS EN EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS DE CACHOSENANDE

EXPEDIENTE:2018/G003/000124

ANTECEDENTES:

Na Xunta de Goberno do día 19 de xullo iniciouse a contratación da obra Melloras en equipamentos deportivos en Cachosenande por un importe de 50.428,26 euros.

A documentación correspondente foi subida á Plataforma de Contratación do Estado e ó mesmo tempo publicouse a licitación no perfil do contratista.

O prazo para presentación de ofertas finalizou o día 14 de agosto ás 19:00h e toda a documentación foi presentada vía plataforma estatal e en formato electrónico.

Ó ser un procedemento simplifícadísimo, e ser a mesa de contratación potestativa, o órgano de asistencia é o Servizo de Contratación, que é o encargado da apertura dos sobres e da súa calificación e clasificación.

Segundo informa o Servizo de Contratación as empresas que presentaron ofertas para esta licitación foron:

Construcciones Emi-Alvarez, SL

Denuevo Punto Creativo, SL

Oziona Soluciones de Entretenimiento,SL

Todas elas presentaron a documentación que se solicitaba, e na que se acreditaba a capacidade de obrar e os criterios avaliábles automaticamente.

Segundo o prego, os criterios a avaliar coa súa puntuación serían os seguintes:

Oferta económica - 50 puntos

Incremento do prazo de garantía - 25 puntos

Porcentaxe de traballadores por tempo indefinido - 25 puntos



As empresas presentaron as seguintes propostas:

Construcciones Emi-Alvarez,SL

Oferta económica - 48.400,00 euros (IVE incluído)

Incremento prazo de garantía - 5 anos

Porcentaxe de traballadores por tempo indefinido - 83,33% sobre o total da plantilla

Denuevo Punto Creativo,SL

Oferta económica - 46.298,19 euros (IVE incluído)

Incremento prazo de garantía - 5 anos

Porcentaxe de traballadores por tempo indefinido - 100% sobre o total da plantilla

Oziona Soluciones de Entretenimiento,SL

Oferta económica - 43.575,73 euros (IVE incluído)

Incremento prazo de garantía - 6 anos

Porcentaxe de traballadores por tempo indefinido - 50% sobre o total da plantilla

Para valorar a oferta económica utilizouse a fórmula que aplica a Deputación da Coruña e que se especifica no prego de cláusulas.

Segundo os datos obtidos no programa de valoración de ofertas, as puntuacións da oferta económica sería a seguinte:

Empresa	Oferta económica	Puntuación
Construcciones Emi - Alvarez, SL	48.400,00	9,38
Denuevo Punto Creativo,SL	46.298,19	19,11
Oziona Soluc. de Entretenimiento,SL	43.575,73	31,71

As puntuacións do incremento do prazo de garantía serían as seguintes:

Empresa	Prazo de garantía	Puntuación
Construcciones Emi - Alvarez, SL	5 anos	25



Denuevo Punto Creativo,SL	5 anos	25
Oziona Soluc. de Entretenimiento,SL	6 anos	0 (*)

(*) Segundo se especifica no Anexo IV dos criterios avaliados mediante fórmulas, só se valorará a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos

As puntuacións da porcentaxe de traballadores por tempo indefinido son as seguintes:

Empresa	% persoal indefinido	Puntuación
Construccion Emi - Alvarez, SL	83.33	20.83
Denuevo Punto Creativo,SL	100	25
Oziona Soluc. de Entretenimiento,SL	50	12.5

En resumo, a puntuación total obtida por cada unha das empresas é a seguinte:

Empresa	Oferta económica	Prazo garantía	Porcentaxe traballadores	Puntuación total
Construccion Emi - Alvarez, SL	9.38	25	20.83	55.21
Denuevo Punto Creativo,SL	19.11	25	25	69.11
Oziona Soluc. de Entretenimiento,SL	31.71	0	12.5	44.21

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Avocar o trámite de clasificación das ofertas por razóns técnicas baseadas na axilidade da tramitación administrativa da que está dotado o procedemento simplificado.

2 Clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente:

Empresa	Oferta económica	Prazo garantía	Porcentaxe traballadores	Puntuación total
Denuevo Punto Creativo,SL	19.11	25	25	69.11
Construccion Emi - Alvarez,	9.38	25	20.83	55.21



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2018/G003/000124

SL						
Oziona	Soluc.	de	31.71	0	12.5	44.21
Entretenimiento,SL						

3 Solicitar á empresa con maior puntuación que, no prazo de 7 días hábiles presente, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación que figura na cláusula 16.1 do prego de cláusulas que rexen esta contratación,

En Boqueixón, luns 20 de agosto de 2018

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín